



# Concello de Chantada (Lugo)

Plaza de Galicia, nº 1- 27500 CHANTADA-Tel. 982 44 00 11-Fax. 982 46 21 02 - aytochantada@infonegocio.com

## ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DO 15 DE SETEMBRO DE 2015

Na dependencia habilitada na Casa da Cultura de Chantada como salón de sesións do Concello, o día quince de setembro de dous mil quince, ás vinte horas, reúnen-se os membros do Pleno da Corporación co obxecto de celebrar sesión ordinaria debidamente convocada para ditos día e hora.

**Preside o Sr. Alcalde:** D. Manuel Lorenzo Varela Rodríguez (Grupo de INTA).

**Asisten:**

**Sres/as. Concelleiros/as:**

**Grupo municipal de INTA:** D. José Castor Novoa Fernández, Dna. M<sup>a</sup> Cándida Carnero Blanco. D. Manuel Diéguez Carballo, Dna. Pamela Fernández Águila, D. Diego Otero Veiga, D. Juan Alberto Diéguez Fernández

**Grupo Municipal Socialista:** Dna. Raquel López Rodríguez, Dna. María Jesús Rodríguez López, D. Héctor Ledo Rodríguez.

**Grupo Municipal do Partido Popular:** D. Francisco Javier Rodríguez Medela, D.Manuel Javier Goyanes Cereijo.

**Grupo municipal de Por Chantada-CUP):** D.Antón Fente Parada.

**Interventor:** D. José Ferreiro Fernández –incorpórase á sesión no punto 3º da orde do día-.

**Secretario:** D. Jose María Baños Campo, que dá fe do acto.

O Sr.Alcalde abre a sesión e dispón que se proceda a tratar os asuntos da ORDE DO DÍA.

### 1. ACTA ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á SESIÓN ORDINARIA DO 13 DE XULLO DE 2015.

Non hai ningunha observación respecto ao borrador remitido coa convocatoria. En consecuencia, o Pleno por unanimidade acorda aprobar a Acta da sesión ordinaria da Corporación municipal, do 13 de xullo de 2015.

### 2. CARÁCTER ORDINARIO DA SESIÓN.

O Pleno acorda por unanimidade o carácter ordinario da presente sesión, ratificando a convocatoria co adiamento dun día sobre o acordado no Pleno organizativo.

## PARTE RESOLUTIVA

### 3. FESTAS LOCAIS DE 2016.

Polo Sr.Secretario dáse conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Réxime Interior, Urbanismo, Obras e Servizos. En base a dito ditame, acórdase o seguinte:

“Vista a comunicación da Xefatura Territorial da Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia, sobre o Calendario Laboral para 2016, o Pleno do Concello adopta por unanimidade, o seguinte

ACORDO



# Concello de Chantada (Lugo)

Plaza de Galicia, nº 1- 27500 CHANTADA-Tel. 982 44 00 11-Fax. 982 46 21 02 - aytochantada@infonegocio.com

Fixar como **festas locais no Concello de Chantada para o ano 2016**, no número de dúas que legalmente corresponden, as seguintes:

- 30 DE AGOSTO, FESTA DA EMPANADA.
- 18 DE OUTUBRO, SAN LUCAS.”

(Non houbo intervencións neste asunto).

#### **4. EXPEDIENTES DE PERMUTAS.**

Polo Sr.Secretario dáse conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Réxime Interior, Urbanismo, Obras e Servizos. En base a dito ditame e tralas intervencións regulamentarias, acórdase o seguinte:

##### **A) SOLICITUDE DE CAMBIO DE TRAZADO DE CAMIÑO NA FINCA “LOS CIPRESES”, PARROQUIA DE SAN FIZ DE ASMA.**

Solicitud de D.Manuel Vázquez González, de 2 de outubro de 2008 (registro de entrada do mesmo día). Acompaña documentación técnica coa proposta que fai.

O Arquitecto municipal informa favorablemente o solicitado, valorando o que se cederá ao Concello en 264,92 €, e o tramo a desafectar en 323,29 €.

O Pleno adopta, por sete votos a favor (Grupo de INTA), catro votos en contra (Grupos Socialista e Por Chantada-CUP) e dúas abstencións (Grupo do PP), acadando a maioría absoluta do número legal de membros, prevista no art. 8 do Regulamento de Bens das Entidades Locais o seguinte

#### **ACORDO**

PRIMEIRO.- Desafectar o tramo do actual trazado do camiño na finca “Los Cipreses”.

SEGUNDO.- Expoñelo ao público por prazo dun mes, segundo o previsto no art. 8 do Regulamento de Bens das Entidades Locais.

TERCEIRO.- Cando o ben teña saído do dominio público, permutalo a D.Manuel Vázquez González polo terreo que figura no expediente na beira da finca, cunha diferenza económica a favor do Concello de 58,37 euros, sen prexuízo das obrigas asumidas polo solicitante para o uso e seguridade do novo trazado do camiño.”

##### **B) SOLICITUDE DE CAMBIO DE TRAZADO DE CAMIÑO PÚBLICO, NO BARRIO DE ZAQUÍN, DE CHANTADA.**

Solicitud de D. Alfonso Pérez Rodríguez, de 28 de xullo de 2015 (registro de entrada do mesmo día).



# Concello de Chantada (Lugo)

Plaza de Galicia, nº 1- 27500 CHANTADA-Tel. 982 44 00 11-Fax. 982 46 21 02 - aytochantada@infonegocio.com

Documentación técnica de 13 de xullo de 2015.

Informes do Arquitecto municipal de 5 de maio e de 5 de agosto de 2015. Este segundo informa favorablemente o solicitado, valorando o que se cederá ao Concello en 12.717,00 €, e o solo a desafectar en 11.160,00 €.

O Pleno adopta, por sete votos a favor (Grupo de INTA), e cinco abstencións (Grupos Socialista, do PP e Por Chantada-CUP), acadando a maioría absoluta do número legal de membros, prevista no art. 8 do Regulamento de Bens das Entidades Locais o seguinte

## ACORDO

PRIMEIRO.- Desafectar o solo do actual trazado do camiño que discorre dende a rúa Luis Campo ata a rúa Zaquín, en Chantada.

SEGUNDO.- Expoñelo ao público por prazo dun mes, segundo o previsto no art. 8 do Regulamento de Bens das Entidades Locais.

TERCEIRO.- Cando o ben teña saído do dominio público, permutalo a D.Alfonso Pérez Rodríguez polo terreo que figura no expediente para o novo trazado do camiño, coas obrigas que no expediente figuran sobre pavimentación do novo trazado”

### **C) SOLICITUDE DE CAMBIO DE TRAZADO DUN CAMIÑO PÚBLICO, SITO NO LUGAR DE CENTULLE, PARROQUIA DE SAN XURXO DE ASMA.**

Solicitud de D.Santiago Varela López, de 29 de abril de 2014 (registro de entrada do mesmo día). Acompaña documentación técnica coa proposta que fai.

O Arquitecto municipal informa favorablemente o solicitado, valorando o que se cederá ao Concello en 1.301,00 €, e o tramo a desafectar en 668,00 €.

O Pleno adopta, por sete votos a favor (Grupo de INTA), e cinco abstencións (Grupos Socialista, do PP e Por Chantada-CUP), acadando a maioría absoluta do número legal de membros, prevista no art. 8 do Regulamento de Bens das Entidades Locais o seguinte

## ACORDO

PRIMEIRO.- Desafectar o tramo de camiño público comprendido entre as parcelas 371 dun lado, e 368, 370 e 387 do outro, do polígono 69.

SEGUNDO.- Expoñelo ao público por prazo dun mes, segundo o previsto no art. 8 do Regulamento de Bens das Entidades Locais.

TERCEIRO.- Cando o ben teña saído do dominio público, permutalo a D.Santiago Varela López polo anaco de terreo que figura no expediente na súa parcela número 371, a carón da estrada autonómica C-533.”

No debate deste asunto producíronse as seguintes intervencións:



# Concello de Chantada (Lugo)

Plaza de Galicia, nº 1- 27500 CHANTADA-Tel. 982 44 00 11-Fax. 982 46 21 02 - aytochantada@infonegocio.com

De Dna. Raquel López Rodríguez, portavoz do Grupo Socialista, que di que cando se fai unha permuta, débese ter en conta a tódalas partes. Nun caso estamos en contra, porque os veciños están en contra. Nos outros casos, abstención.

De D.Antón Fente Parada, portavoz do Grupo Por Chantada-CUP, que di que debe haber conformidade dos colindantes das fincas. Debería recollese iso cando menos. No primeiro caso, en contra. Nos outros dous, abstencións; pero no futuro tamén en contra, se se descoñece o parecer dos veciños.

De D.Francisco Javier Rodríguez Medela, portavoz do Grupo do PP, que di que lle gustaría que os veciños soubesen do asunto, pero tamén está aínda a audiencia.

De D.Manuel Lorenzo Varela Rodríguez, Alcalde e portavoz do Grupo de INTA, que di que hai que ver os informes, e aínda está o prazo de audiencia.

(D. Héctor Ledo Rodríguez, do Grupo Socialista, di que no expediente de Zaquín abstense por razóns de parentesco)

## 5. RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS 2/2015.

Polo Sr.Secretario dáse conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Economía e Facenda e Comisión Especial de Contas. En base a dito ditame e tralas intervencións regulamentarias, acórdase o seguinte:

“Debido á imposibilidade de recoñecemento das anualidades do Consorcio de Turismo Ribeira Sacra dos anos 2009, 2010, 2011, 2013 e 2014, e xa que é necesario o seu recoñecemento e pago, para evitar o perxuízo a terceiros, o enriquecemento inxusto da Administración e o perxuízo do propio Concello.

Considerando o disposto nos artigos 163 e 176 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, TRLRFL, e o artigo 60.2 do Real Decreto 500/90, de 20 de abril.

Visto o Informe de Intervención de data 07/09/2015,

O Pleno, por doce votos a favor (Grupos de INTA, Socialista e do PP), e unha abstención (Grupo Por Chantada-CUP), adopta o seguinte

### ACORDO

1. Que se proceda a aprobación do oportuno expediente de RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS 02/215 , das seguintes anualidades :

Func.	Económ.	Cuotas	Importe
432	48900	CONSORCIO TURISMO RIBEIRA SACRA ANUALIDADE 2009	2.253,50 €
432	48900	CONSORCIO TURISMO RIBEIRA SACRA ANUALIDADE 2010	8.951,00 €
432	48900	CONSORCIO TURISMO RIBEIRA SACRA ANUALIDADE 2011	51,00 €



# Concello de Chantada (Lugo)

Plaza de Galicia, nº 1- 27500 CHANTADA-Tel. 982 44 00 11-Fax. 982 46 21 02 - aytochantada@infonegocio.com

432	48900	CONSORCIO TURISMO RIBEIRA SACRA ANUALIDADE 2013	8.783,00 €
432	48900	CONSORCIO TURISMO RIBEIRA SACRA ANUALIDADE 2014	8.649,00 €

por importe total de 28.687,50 €.

2. A aprobación, adxudicación e recoñecemento das anualidades anteriores contra o Orzamento do exercicio 2015:

Func.	Económ.	Cuotas	Importe
432	48900	CONSORCIO TURISMO RIBEIRA SACRA ANUALIDADE 2009	2.253,50 €
432	48900	CONSORCIO TURISMO RIBEIRA SACRA ANUALIDADE 2010	8.951,00 €
432	48900	CONSORCIO TURISMO RIBEIRA SACRA ANUALIDADE 2011	51,00 €
432	48900	CONSORCIO TURISMO RIBEIRA SACRA ANUALIDADE 2013	8.783,00 €
432	48900	CONSORCIO TURISMO RIBEIRA SACRA ANUALIDADE 2014	8.649,00 €

por importe total de 28.687,50 €.

3. O traslado do presente Acordo ao Departamento de Intervención-Tesourería para o seu coñecemento aos efectos oportunos.”

No debate deste asunto producíronse as seguintes intervencións:

De Dna. Raquel López Rodríguez, portavoz do Grupo Socialista, que di que se hai débeda, hai que pagala. Estraña que se diga que o Concello está saneado, cando paulatinamente aparece isto. Pero se hai obriga de pagar, a favor.

De D.Antón Fente Parada, portavoz do Grupo Por Chantada-CUP, que solicita que se explique como foi o proceso.

De D.Manuel Lorenzo Varela Rodríguez, Alcalde e portavoz do Grupo de INTA, que di que na Comisión explicouse.

(O Sr. Interventor toma a palabra e di que a débeda co Consorcio hai que pagala, non foi incluída no orzamento anterior).

Continúa dicindo o Sr.Alcalde que non puido ir no pago a provedores. Fomos deixando algunhas cousas, incluso negociando. Neste momento, co Concello está ao día nisto.

## 6. EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS. TRANSFERENCIA DE CREDITOS 6/2015.

Polo Sr.Secretario dáse conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Economía e Facenda e Comisión Especial de Contas. En base a dito ditame e tralas intervencións regulamentarias, acórdase o seguinte:



# Concello de Chantada (Lugo)

Plaza de Galicia, nº 1- 27500 CHANTADA-Tel. 982 44 00 11-Fax. 982 46 21 02 - aytochantada@infonegocio.com

“Visto o expediente tramitado para modificar créditos dentro do vixente orzamento desta Corporación do ano 2015, consistente nunha Transferencia de créditos por importe de 39.788,00 € entre créditos de distinta área de gastos, debido á necesidade de dotar de consignación orzamentaria suficiente para facer fronte a as anualidades dos anos 2009 , 2010 ,2011 , 2013 e 2014 do Consorcio de Turismo Ribeira Sacra e para a factura de Icos de organización da Poxa de Gando 2015, esta Alcaldía, conforme ao previsto nas Bases de execución do Orzamento, o Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e o Real Decreto 500/1990, de 28 de decembro, estima oportuno a seguinte transferencia de créditos.

Considerando o disposto no Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e o Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, e o informe da Intervención,

O Pleno, por nove votos a favor (Grupos de INTA e do PP), e catro abstencións (Grupos Socialista e Por Chantada-CUP), adopta o seguinte

## ACORDO

1. Que se proceda á aprobación inicial polo Pleno da **TRANSFERENCIA DE CREDITOS 06/2015** por importe de 39.788,00 €, conforme ao seguinte detalle:

### ÁREA DE GASTO 1

#### DISMINUCIÓN

Aplicación orzamentaria	Importe
161.227.00	39.788,00 €
<b>TOTAL</b>	<b>39.788,00 €</b>

### ÁREA DE GASTO 4

#### AUMENTO

Aplicación orzamentaria	Importe
430.489.00	28.688,00 €
430.227.00	11.100,00 €
<b>TOTAL</b>	<b>39.788,00 €</b>

2. Exposición pública do expediente por un prazo de quince días, previo anuncio no Boletín Oficial da provincia.
3. Aprobación definitiva polo Pleno no suposto de que se presentaran reclamacións. Noutro caso o acordo aprobatorio inicial considerárase definitivo sen necesidade de acordo posterior.
4. Publicación do expediente, resumido por capítulos, no Boletín oficial da provincia.”

No debate deste asunto producíronse as seguintes intervencións:



# Concello de Chantada (Lugo)

Plaza de Galicia, nº 1- 27500 CHANTADA-Tel. 982 44 00 11-Fax. 982 46 21 02 - aytochantada@infonegocio.com

De D.Antón Fente Parada, portavoz do Grupo Por Chantada-CUP, que pregunta se é o último pago con ICOS. (O Sr. Alcalde confirmao co Concelleiro do seu Grupo Sr.Diéguez Carballo).

Do Sr.Interventor, que di que se non está a factura no expediente, é unha omisión subsanable.

De Dna. Raquel López Rodríguez, portavoz do Grupo Socialista, que di que non é o mesmo este expediente que o anterior. Está o de ICOS. Ímonos abster.

(D. Héctor Ledo Rodríguez, do Grupo Socialista, di que se abstén por vinculacións coa empresa ICOS).

## **7. EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE ORDENANZAS FISCAIS: DAS REGULADORAS DA TAXA POR LICENZAS URBANÍSTICAS E SERVIZOS URBANÍSTICOS E DO IMPOSTO SOBRE CONSTRUCIÓNS, INSTALACIÓNS E OBRAS.**

Polo Sr.Secretario dáse conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Economía e Facenda e Comisión Especial de Contas. En base a dito ditame e tralas intervencións regulamentarias, acórdase o seguinte:

“Visto o informe do Arquitecto municipal de 4 de setembro actual sobre a conveniencia de modificar tanto na **Ordenanza Fiscal Reguladora da Taxa por Licenzas Urbanísticas e Servizos Urbanísticos** como na **Ordenanza Fiscal Reguladora do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras**, o ANEXO I MÓDULOS VALORATIVOS DE OBRAS MAIORES, no que se refire ao punto 2.-En obras de reforma e rehabilitación do apartado Ct **TIPOLOXÍA CONSTRUTIVA**, unha vez informado favorablemente por Intervención,

O Pleno, por dez votos a favor (Grupos de INTA e Socialista), e tres abstencións (Grupos do PP e Por Chantada-CUP), adopta o seguinte

### ACORDO

PRIMEIRO.- Modificar as Ordenanzas Fiscais Reguladoras da Taxa por Licenzas Urbanísticas e Servizos Urbanísticos e do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras, da forma que figura no informe do Arquitecto municipal.

O que supón, en ambos casos, unha modificación que afecta ao ANEXO I MÓDULOS VALORATIVOS DE OBRAS MAIORES, no que se refire ao punto 2.-En obras de reforma e rehabilitación do apartado Ct TIPOLOXÍA CONSTRUTIVA, que queda do seguinte modo:

*1,20 Rehabilitación total, incluíndo a desmontaxe de fachadas.*

*1,00 Rehabilitación integral do edificio conservando exclusivamente fachadas.*

*0,65 Adecuación interior de plantas baixas e entrecháns.*

*0,65 Reforma interior de instalacións e distribución conservando a estrutura existente.*

*0,50 Reforma de elementos estruturais.*

*0,35 Rehabilitación de fachadas. Substitución de carpinterías e cerramentos (aplicado a superficie da fachada).*



# Concello de Chantada (Lugo)

Plaza de Galicia, nº 1- 27500 CHANTADA-Tel. 982 44 00 11-Fax. 982 46 21 02 - aytochantada@infonegocio.com

*0,30 Reformas de pouca entidade que non afecte a elementos estruturais nin a instalacións ou distribución (acabados)*

SEGUNDO.- Expoñer este acordo provisional por prazo de trinta días, segundo o previsto no art. 17 da Lei Reguladora das Facendas Locais. No caso de que non se presenten reclamacións, entenderase definitivamente adoptado o acordo sen necesidade de acordo plenario, procedéndose a publicar a modificación resultante no Boletín Oficial da Provincia.”

No debate deste asunto producíronse as seguintes intervencións:

De D.Antón Fente Parada, portavoz do Grupo Por Chantada-CUP, que di que non tiñamos documentación completa na Comisión. Hai cousas que nin sequera foron a Comisión, como as dacións de conta. Se non temos tempo de estudalo, abstención.

De Dna. Raquel López Rodríguez, portavoz do Grupo Socialista, que di que a proposta é lóxica, pero con consecuencias en recadación. O informe é mínimo.

Do Sr.Interventor, que di que se trata dunha cuestión técnica de valoración urbanística. Reflectir a realidade está por riba do que se recade. Pon o exemplo da Xunta en canto á taxación de inmobles, cun cambio cara á realidade.

De D.Antón Fente Parada, que di que aínda que sexa urbanístico, pódese informar do que se recadaba e do que se vai recadar.

Do Sr.Interventor, que di que non é relevante, respecto á súa responsabilidade. O importante é que sexamos xustos. É necesario un esforzo noutras tarefas.

De Dna. Raquel López Rodríguez, que di podía ser algo máis que unha liña. Non sobra o cálculo recadatorio.

De D.Francisco Javier Rodríguez Medela, portavoz do Grupo do PP, que di que se van abster, por ser unha Ordenanza na que non participaron.

## **8. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POR CHANTADA-CUP PARA A IMPLANTACIÓN DE CÓDIGOS DE TRANSPARENCIA E PARTICIPACIÓN CIDADÁ NA ADMINISTRACIÓN LOCAL.**

Esta moción foi ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Réxime Interior, Urbanismo, Obras e Servizos. A moción di o seguinte:

### “EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.

Permítasenos comezar esta exposición cunha explicación etimolóxica. A palabra democracia (δημοκρατία) significa «poder popular», en canto *demos* fai referencia a pobo e *kratos* a poder. No entanto, non é ningunha novidade na Filosofía Política, ou no que modernamente se denomina como "ciencias políticas", que unha das eivas que sofren os sistemas democráticos actuais é facer da democracia unha aristocracia. Por outras palabras, o poder popular é suplantado por uns elementos suprarrepresentativos (os partidos políticos) que determinan as decisións comunitarias fóra dos sistemas elaborados para tal fin, baleirando de significado





# Concello de Chantada (Lugo)

Plaza de Galicia, nº 1- 27500 CHANTADA-Tel. 982 44 00 11-Fax. 982 46 21 02 - aytochantada@infonegocio.com

e contido democrático boa parte das institucións e convertendo a democracia nunha oligarquía.

Aínda que este simulacro (do lat. SIMULACRUM, de SIMILIS, "semellante", mais xa que logo non igual) é especialmente grave na UE e ten na Comisión Europea o seu paradigma, o certo é que os partidos se converten en lobbys (do inglés "salón de espera" e xa que logo lugar para tratantes e cabildeiros que comercian con libras de carne humana como O *mercader de Venecia* de Shakespeare). Non podemos tolerar que o cabildeo sexa a norma mentres se fecha a porta á transparencia e a participación cidadá. E aquí, en tanto en canto son os concellos as institucións máis próximas aos cidadáns, temos que escoller onde queremos estar: se ao lado das veciñas e dos veciños, sendo transparentes e diáfanos, ou do lado dos que saquean e expolían o presente e o futuro dos pobos.

Neste sentido, o acontecido en Grecia, onde os negocios da banca e do grande capital se disfrazan de "rescates" en traca de "sacrificios" (do lat. SACER, "fóra da lei, paria" - no dereito romano o sacrificio dun "SACER" non era delito, de aí que SACRIFICIUM sexa "facere SACER"), só pode denominarse como unha brutal chantaxe e como a marte da democracia e do proxecto europeo.

De feito, é a apocalipse (do gr. Ἀποκάλυψις, "revelación"), non no sentido do fin do imperio europeo (que aínda goza de boa saúde e poder absoluto) senón nese sentido etimolóxico de "revelación": a incompatibilidade do capitalismo sen bridas coa democracia entendida tamén etimoloxicamente como "poder popular" e non como "simulacro" para seguir "sacrificando" os pobos'. (Precisamente, o libro da *Apocalipse* ou das revelacións de San Xoán é o volume máis escuro e alegórico do Novo Testamento. Contra a posterior carga de culpa sobre os xudeus, invertendo a mensaxe orixinal de Xesús, o certo é que só con este tipo de escrita podía escribirse sobre a fin do Imperio Romano e o saqueo do pobo xudeu. O sanedrín e a parte das elites xudías que colaboraban coa dominación son *mutatis mutandis* os fariseos de hoxe no Reino de España: Rajoy, Feijoo, Bircenas, Rita Barberá, Zapatero, Rodrigo Rato e un longo etc. de sumos sacerdotes da austeridade).

Precisamente, Por Chantada-CUP presentouse ás eleccións coa bandeira da transparencia e da participación democrática da cidadanía como parte fundamental para recuperar a soberanía e o poder popular. É nese sentido que, coherentemente, impulsamos esta iniciativa.

A democracia debe ser é un sistema político participativo que recoñeza que a cidadanía é a protagonista dos dereitos e das obrigas sociais, civís e políticas. Só restituíndo no día a día á cidadanía a representatividade que exerce no proceso electoral somos consecuentes co mandato democrático, que non pode ser unha acción intermitente segundo os prazos electorais nin un cheque en branco para catro anos senón algo que se exerce día a día.

Igualmente, trátase aínda de desenvolver a lexislación máis básica, como os artigos 41.26, 88.3, 226, 227, 228, 229, 230, 231, 232, 233, 234, 235 e 236 do *Real Decreto 2568/1986*, de 28 de novembro ben coñecida nas entidades locais por establecer o Regulamento, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (o denominado ROF). E trátase do mesmo xeito de situar a Chantada entre os múltiples concellos que xa contan con regulamentos de participación veciñal e cos que adoptan códigos de transparencia, algo igualmente consecuente co aprobado polo último pleno do concello de Chantada: a adhesión ao Marco de colaboración entre o MINHAP e a FEMP para o desenvolvemento da Lei de Transparencia.



# Concello de Chantada (Lugo)

Plaza de Galicia, nº 1- 27500 CHANTADA-Tel. 982 44 00 11-Fax. 982 46 21 02 - aytochantada@infonegocio.com

Por tanto, máis alá de posturas políticas reaccionarias e antidemocráticas non temos escusas para seguir adiando establecer mecanismos que mellaren a transparencia e a participación das veciñas e dos veciños. Cremos firmemente que isto só redundará en mellorar a experiencia de todas as partes e contribuirá a deter a desafección crecente (e máis que xustificada) entre cidadanía e partidos políticos.

A procura da horizontalidade nas relacións entre o concello e a veciñanza é unha panca das máis poderosas e efectivas para mellorar a eficacia, eficiencia e calidade nos servizos prestados, eliminando innecesarios intermediarios. Por outra banda, non hai mellor maneira de cumprir o mandato cidadán, de representarmos como concelleiras e concelleiros aos nosos veciños e as nosas veciñas, que creando os procedementos que garantan en igualdade de condicións para todas e todos, o funcionamento democráticos e transparente das institucións que eles sustentan cos seus impostos e, en consecuencia, lles permitan ter voz nos procesos de deliberación e toma de decisións políticas. Niso consiste a participación cidadá, en que todas e todos podan contar con mecanismos de información, control e participación na xestión municipal.

Un concello coas fiestras e as portas abertas ao servizo de todas e todos non é só recibir aos veciños que dan o paso de ir solicitar algo ao concello. Iso é cumprir estritamente coas disposicións legais.

Un concello coas fiestras e as portas abertas é o que explota a intelixencia colectiva, escoitando asociacións e cidadáns; especialmente aqueles sectores involucrados e afectados nas decisións que se toman e das ordenanzas e disposicións que se elaboran que deben contar coa súa experiencia e coñecementos. Máxime nun caso como o Concello de Chantada, atravesado por unha crise social, económica e demográfica que corre o risco de atinxir un punto de non retorno e convertemos nun deserto verde precisa de políticas arriscadas e audaces por riba das lexítimas opcións ideolóxicas que podamos profesar como individuos. Nesta altura histórica, xa que logo, a única escolla é ou estar co pobo e a democracia ou coa oligarquía e a ditadura das finanzas.

## ACORDOS

“1.- O goberno municipal de Chantada someterá ao pleno, como máximo antes do 31 de decembro de 2015, un Regulamento de Participación Cidadá (RPC) que, baseado na lexislación vixente, defina as prácticas e as posibilidades para o exercicio efectivo dos dereitos veciñais.

2.- O RPC establecerá o procedemento polo que os particulares e as entidades legalmente constituídas da sociedade civil podan informarse, transmitir propostas e opinar nas distintas fases do proceso político de toma de decisións e de execución administrativa das mesmas.

3.- O RPC garantirá unha serie de dereitos (información, consulta, petición, etc.) e abrigas (prazos, fórmulas e mecanismos de dirixirse ao concello), para alén dos órganos que se estipulen para poder exercer a participación veciñal.

4.- Sen prexuízo dos órganos sectoriais, permanentes ou puntuais, que o RPC regule, crearase un Consello de Participación Cidadá (CPC). O CPC reunirá as asociacións



# Concello de Chantada (Lugo)

Plaza de Galicia, nº 1- 27500 CHANTADA-Tel. 982 44 00 11-Fax. 982 46 21 02 - aytochantada@infonegocio.com

veciñais, de bairro, culturais ... e calquera outra entidade da sociedade civil podendo elaborar as propostas e ditames que considere pertinentes e rexerese por un regulamento para o que a sociedade civil --en réxime de autoconvocatoria- escollerá unha comisión redactora.

5.- O RPC incluírá unha cláusula dedicada ao compromiso do Concello co desenvolvemento dunha política social que garanta a promoción da iniciativa social e o asociacionismo. A tal efecto, débese eliminar calquera pexa que supoña un condicionante sociocultural ou económica que dificulte dita participación.

6.- O RPC establecerá unha dotación orzamentaria suficiente, medida en tanto por cento do total orzamentar do que dispón a institución en cada exercicio, para subvencionar economicamente ás asociacións para a defensa dos intereses xerais ou sectoriais da veciñanza e tamén no que se refire aos seus gastos xerais como as actividades que realicen.

7.- Os sucesivos orzamentos municipais incluírán a partida á que se fai referencia no RPC e nas súas bases de execución estableceranse os criterios de distribución da mesma, conforme a súa representatividade, o grado de interés ou utilidade cidadá, a súa capacidade económica autónoma e as acudas doutras entidades que reciban. Tamén o ditame CPC e o disposto na RPC no capítulo dedicado a tal fin e que deberá garantir a transparencia e igualdade de oportunidades na asignación de calquera axuda directa ou indirecta que deberán publicarse anualmente na páxina web do concello nun informe elaborado polos funcionarios competentes que inclúa tamén o disposto no artigo 236.4 do ROF.

8.- Até a aprobación do RPC o Goberno Local comunicará a todas as entidades da sociedade civil a apertura deste proceso para dotar de mecanismos, sostidos no tempo, de participación na súa elaboración e habilitará ferramentas para a participación directa e efectiva da cidadanía e das asociacións nos Plenos ou órganos colexiados dependentes do Concello de Chantada.

9.- O Concello de Chantada elaborará un Plano de Transparencia e Bo Gobemo que conteña un Código Ético e arbitrará procedementos que permitan a troca de información entre vecmanza e administración, como mínimo nos eidos institucional, organizativo, planificación, persoal, altos cargos e persoa] directivo, normativa municipal, orzamentos, ligazóns a boletíns oficiais ou páxinas doutros organismos ..."

Tralas intervencións regulamentarias, o Pleno, por un voto a favor (Grupo Por Chantada-CUP), sete votos en contra (Grupo de INTA) e cinco abstencións (Grupos Socialista e do PP), adopta o seguinte

## ACORDO

Non aprobar a moción presentada polo Grupo Municipal Por Chantada-CUP para a implantación de códigos de transparencia e participación cidadá na Administración local.

No debate deste asunto producíronse as seguintes intervencións:



# Concello de Chantada (Lugo)

Plaza de Galicia, nº 1- 27500 CHANTADA-Tel. 982 44 00 11-Fax. 982 46 21 02 - aytochantada@infonegocio.com

De D.Antón Fente Parada, portavoz do Grupo Por Chantada-CUP, que argumenta en favor dun Regulamento de Participación Cidadá. Le a exposición de motivos da moción.

De D.Francisco Javier Rodríguez Medela, portavoz do Grupo do PP, que anuncia a abstención, igual que no ditame da Comisión.

De Dna. Raquel López Rodríguez, portavoz do Grupo Socialista, que di que tal vez sexa unha moción ambiciosa. No anterior Pleno houbo un acordo sobre transparencia, do que aínda falta información. Nós tamén temos no programa a participación cidadá. Pero debe haber un artellamento, pártese agora da nada.

De D.Manuel Lorenzo Varela Rodríguez, Alcalde e portavoz do Grupo de INTA, que di que tamén se reservaron para o Pleno, pero agora non o van aprobar. É para traballar con máis tempo e cos portavoces. (O Sr.Fente refírese a Concellos que o teñen). Se facemos caso ao total da moción, ata sobraríamos os que aquí estamos, que somos a representación democrática. Hai partes asumibles, pero así agora non. O Concello ten as portas e as ventás abertas.

De D.Francisco Javier Rodríguez Medela, que di que se faga unha Comisión de traballo.

De Dna. Raquel López Rodríguez, que di que é unha boa idea.

De D.Antón Fente Parada, que di que tamén debe participar a veciñanza. Nalgún momento, ten que haber canles para ela. Aplaudimos que aínda que non se estea a favor da moción, haxa reunión de traballo. Non é que sobremos nós, é abrirse á participación da veciñanza.

## **9. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POR CHANTADA-CUP PARA QUE O CONCELLO PLENO DE CHANTADA TRASLADASE Á XUNTA DE GALIZIA QUE SE CUBRA DE FORMA ESTÁBEL UNHA PRAZA DE PEDIATRÍA NO HOSPITAL DE MONFORTE DE LEMOS.**

Esta moción foi ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Réxime Interior, Urbanismo, Obras e Servizos. Tralas intervencións regulamentarias, acórdase o seguinte:

### “EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.

O SERGAS abriga a pediatras do Hospital de Lugo e Vigo a desprazarse ao Hospital de Monforte a cubrir xomadas de varios días no servizo de pediatría, principalmente as gardas da fin de semana.

Neste momento, hai tres prazas de pediatría no Hospital e unha máis a media xomada. A de media xomada é por redución de xomada para a atención das filias e dos fillos, situación que durará varios anos; outra a xomada de completa acaba de coller unha baixa; as dúas restantes a xornada completa encóntranse unha cuberta e outra está en Lugo, aínda figurando como contratada polo Hospital de Monforte (lembramos que a xerencia se encontra agora en Lugo, desde onde se toman as decisións de toda a área sanitaria).

Esta situación é a que abriga a reforzar con pediatras, que se trasladan desde Vigo ou Lugo para as gardas. No entanto, a maior parte do tempo todo o sur de Lugo só conta cunha praza e media en pediatría en Monforte e é totalmente inxusto que os recortes se ceben



# Concello de Chantada (Lugo)

Plaza de Galicia, nº 1- 27500 CHANTADA-Tel. 982 44 00 11-Fax. 982 46 21 02 - aytochantada@infonegocio.com

nunha área xa de por si deprimida e cada vez máis dependente de centros de decisións alleos ás nasas necesidades.

A lóxica e o cumprimento da lei, no senso de minimizar os riscos laborais e primar o interese sanitario (e, neste caso, tamén económico, pois aforrariáanse cartas) debería levar á contratación dun/dunha pediatra para o Hospital de Monforte a tempo completo, eliminando a peregrinación de pediatras desde Vigo e/ou Lugo como acontece na actualidade.

Por todo iso, o Pleno do Concello adopta por unanimidade, o seguinte

## ACORDO

O Concello de Chantada demandada Xunta de Galiza que se cubra de xeito estábel a tempo completo a cuarta praza de pediátrico Hospital de Monforte.”

No debate deste asunto producíronse as seguintes intervencións:

De D.Antón Fente Parada, portavoz do Grupo Por Chantada-CUP, que le a exposición de motivos da moción.

De D.Francisco Javier Rodríguez Medela, portavoz do Grupo do PP, que di que é unha demanda que ten sentido e ímola apoiar.

De Dna. Raquel López Rodríguez, portavoz do Grupo Socialista, que di que son catro anos de trato duro do PP contra a Sanidade. É de xustiza. A favor, como no caso do HULA.

De D.Manuel Lorenzo Varela Rodríguez, Alcalde e portavoz do Grupo de INTA, que di que cando nos reservamos para o Pleno, non estaba a concelleira do seu Grupo Pamela Fernández Águila, que coñece o asunto e di que é unha praza apetecible. Independentemente das queixas ou de que o servizo estea ben prestado, se se precisan catro prazas, a favor delas.

### **10. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POR CHANTADA-CUP PARA PROHIBIR O EMPREGO DE HERBICIDAS PARA USOS NON AGRARIOS NO CONCELLO DE CHANTADA.**

Esta moción foi ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Réxime Interior, Urbanismo, Obras e Servizos. Tralas intervencións regulamentarias, das que resulta unha modificación no punto 1 do acordo da moción, acórdase o seguinte:

“Xustificación da moción.-

O emprego de herbicidas nas gabias das estradas do noso concello, independentemente do organismo que as execute (Xunta de Galiza ou Deputación de Lugo) ou das empresas de mantemento das estradas, debe rematar e ser substituído polo rozado mecánico das mesmas, co que se xeran empregos e non se atenta contra o medio ambiente e, nomeadamente, contra os acuíferos.

O verquido de toneladas de produtos tóxicos e canceríxenos nas vías públicas pon en risco a saúde das persoas, os ecosistemas naturais, a calidade das augas e incrementa a posibilidade de



# Concello de Chantada (Lugo)

Plaza de Galicia, nº 1- 27500 CHANTADA-Tel. 982 44 00 11-Fax. 982 46 21 02 - aytochantada@infonegocio.com

incendios. A choiva arrastra os produtos químicos contaminando acuíferos e entrando na cadea trófica con consecuencias devastadoras para o medio ambiente e até para as persoas.

Tanto as Deputacións como o Ministerio de Fomento recorren aos herbicidas sistémicos. Empréganse produtos como o *Roundup*, cuxa relación con innúmeras doenzas está máis do que probada, permite que o glifosato que contén pase á terra, ás augas, aos animais e, ao cabo, tamén as persoas. A propia OMS advirte sobre o glifosato, con probas contundentes de que provoca cancro nos animais e probas máis que razoábeis de canroxénese en Seres Humanos.

Concretamente, o Ministerio de Fomento, no que se retire ás estradas da súa titularidade, reconece o emprego de glifosatos como principal herbicida en estradas, autoestradas, autovías e vías férreas da súa titularidade. E o mesmo no caso das Deputacións.

Especialmente grave é o seu emprego nas proximidades de terras de labor, fontes, casas, hartas, xardíns, etc. O que agrava o seu impacto negativo sobre a saúde das persoas beneficiándose tan só grandes multinacionais do dispendio dos cartas públicos, cando se pode apostar pola limpeza mecánica das gabias (máxime cando organismos como o concello de Chantada cantan con maquinaria de seu para tal cometido), cun impacto medioambiental moito menor e que xeran máis postas de traballo.

O glifosato, mesmo aplicado nas doses indicadas, é letal para o biodiversidade. En doses inferiores ás recomendadas provoca a morte dos anfibios, por exemplo. De por parte, intensifica a seca da cuberta vexetal e favorece os incendios. Xa que logo, é irresponsábel seguir empregando un veneno que pon en risco os solos e as augas; os solos e as augas; e os traballadores

Por se todas estas razóns non lle parecen suficientes aos restantes membros da corporación para apoiar esta moción, lémbrolles os obxectivos da *Resolución legislativa do Parlamento Europeo, de 13 de xaneiro de 2009*, especialmente no relativo ao capítulo IV nos artigos 11 e 12. Nestes artigos, entre outras causas recóllese:

Reducir o mais posíbel ou eliminar as aplicacións de pesticidas em ou nas inmediacións de estradas, liñas de camiño-de-ferro, superficies muito permeáveis ou outras infra-estruturas próximas de augas de superficie ou de augas subterráneas, ou aínda em superficies impermeáveis onde o risco de escorrimento para augas de superficie ou sistemas de esgotos seja elevado.

E tamén se subliña que non se empreguen pesticidas «nas zonas utilizadas pelo público em geral ou por grupos vulneráveis», por exemplo en «parques e jardins públicos, campos desportivos e recreativos, recintos escolares e parques infantis, e na vizinhanca inmediata de instalacións de prestación de cuidados de saúde».

Por se isto fose pouco, existe un Plan de Acción Nacional (PAN) dependente do Ministerio de Agricultura e ao abeiro do *Real Decreto 1311/2012, de 14 de setembro, polo que se establece o marco de actuación para conseguir un uso sostíbel dos produtos fitosanitarios*. Entre as disposicións do RD 1311/2012 encóntrase o principio de cautela que debe conducir ás administracións a prohibir o uso de produtos fitosanitarios en zonas ou circunstancias específicas, especialmente cando hai probas da súa toxicidade e canroxénese como xa indicamos previamente.

En virtude do exposto, o Pleno do Concello adopta por unanimidade, o seguinte

ACORDO



# Concello de Chantada (Lugo)

Plaza de Galicia, nº 1- 27500 CHANTADA-Tel. 982 44 00 11-Fax. 982 46 21 02 - aytochantada@infonegocio.com

- Declarar o termo municipal de Chantada como terra libre de glifosatos.
- Aprobar o seguinte:

- 1.- Prohibir o uso de glifosatos para limpar as gabias das estradas do Concello de Chantada, así como na limpeza de beiravías e foxos e mesmo nas beirarrúas dos núcleos de poboación. Procederáse sempre a substitución dos herbicidas por métodos de rozado mecánico.
- 2.- Recoller de forma expresa esta prohibición nas Ordenanzas Municipais de Chantada a fin de proceder ao seu cumprimento.
- 3.- Trasladar este acordo ás entidades responsábeis do verquido sistemático de produtos tóxicos, advertíndolles que o Concello de Chantada esixirá o cumprimento da presente ordenanza e da Directiva da UE polos medios legais pertinentes, no caso de persistir o emprego de métodos contaminantes e que atentan contra a saúde pública.
- 4.- Dirixirse aos concellos limítrofes, nomeadamente Carballedo, Taboada, Saviñao e Pantón para que adopten disposicións análogas.
5. - Dirixirse aos sindicatos agrarios para, conxuntamente, lanzar unha campaña de sensibilización ao longo do ano 2016, con cargo ao orzamento municipal, para a sensibilización da poboación sobre os riscos e impacto ambiental dos herbicidas nos usos agrarios.”

No debate deste asunto producíronse as seguintes intervencións:

De D.Antón Fente Parada, portavoz do Grupo Por Chantada-CUP, que lé a moción.

De D.Francisco Javier Rodríguez Medela, portavoz do Grupo do PP, que anuncia a abstención. Algún punto está ben. Apoiariamos a redución, pero non a prohibición. (O Sr. Fente di que a prohibición non sería para usos agrarios. O Sr.Alcalde pregunta se podemos obrigar á Xunta ou á Deputación. O Sr.Secretario di que é difícil contestar a iso).

De D. Héctor Ledo Rodríguez, polo Grupo Socialista, que di estar de acordo co dos glifosatos. Hai herbicidas selectivos plausibles.

De D.Manuel Lorenzo Varela Rodríguez, Alcalde e portavoz do Grupo de INTA, que di que hai muros que caen por aplicación do *roundup*.

De D. Héctor Ledo Rodríguez, que di que hai cousas peores que o *roundup*. Hoxe pódese atacar toxos e silvas e deixar as gramíneas. Nas beirarrúas da Bretaña utilízase, pese a prohibición en Francia. (A portavoz do Grupo Socialista propón poñer “prohibir glifosatos” no punto 1 do acordo da moción. O Sr.Fente di que é mellor que nada e acepta).

## **11. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POR CHANTADA-CUP PARA A ADOPCIÓN DE MEDIDAS DE PREVENCIÓN DE LUMES.**



# Concello de Chantada (Lugo)

Plaza de Galicia, nº 1- 27500 CHANTADA-Tel. 982 44 00 11-Fax. 982 46 21 02 - aytochantada@infonegocio.com

Esta moción foi ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Réxime Interior, Urbanismo, Obras e Servizos. A moción di o seguinte:

“Exposición de motivos.

A pesar da política informativa da Xunta de Galiza a ninguén se lle escapa que estamos perante nun novo verán negro no que a incendios se refire e que estes golpean con maior virulencia naquelas comarcas xa de por si deprimidas ollemos para o indicador que ollernos. Como di a sabedoría popular: a can fraco acoden as moscas.

A 31 de xullo de 2015 arderon máis de 5000 hectáreas, máis do duplo da superficie que ardeu en 2014, sendo este dato escasamente relevante tendo en conta que foi o mellar ano no tocante a incendios en moito tempo. Só desde o día 16 de xullo, segundo os datos da propia Consellaría de Medio Rural, arderon 2.002 hectáreas, o equivalente a 2.000 campos de fútbol e o día 10 de agosto, en só 36 horas, rexistráronse 96 lurnes.

Desde 1988 até a actualidade, segundo datos oficiais, rexistráronse máis de 100.000 incendios forestais e arderon máis de 500.000 hectáreas de monte, das que 200.000 eran de arboredo. Desde 1995 hai unha terríbel media de 10.000 incendios por ano, un por cada 2 quilómetros cadrados de superficie forestal, cando a media do Estado é de un por cada 25 quilómetros cadrados. Así pois, co 7,7% da superficie forestal do Estado sufrimos 45% dos incendios e ternos 30% da superficie forestal afectada. Algo, por non dicir todo, se está facendo mal e xa é hora de mudar un modelo totalmente ineficiente, cando non responsábel en boa medida do que acontece.

O dispositivo de loita contra o lume en Galiza segue adoeendo das eivas que, conscientemente, non se palian:

1) a fragmentación e balcanización dos dispositivos (diferente a unha descentralización coordinada), onde nun incendio conflúen diversidade de medios privados, de organismos e de administracións (Xunta, concellos e empresas públicas como TRAGSA ou SEAGA), coa **ausencia dun mando único** o que vai en contra da eficacia do mesmo. E aínda que teoricamente o mando sempre corresponde á SDCIF esta bate con enormes problemas loxísticos, por non saberen o persoal que dirixen, a súa formación nin a súa experiencia.

2) A minusvaloración, mediática e comunicativa desde a Xunta, da SDCIF fronte á UME. Unha **estratexia consciente para incrementar o gasto militar mentres se recorta nun dos mellores servizos contra-incendios** que ten este país, formado por especialistas e profesionais. Cando menos, encontramos que se outorgan 570.000€ desde a Xunta ao exército só na Operación Sentinela. O exército recibe desde xeito varios millóns de euros adicionais, en canto se Hes recorta aos profesionais. Por certo, nas imaxes dos incendios sempre sae a UME porque levan con eles un equipo de prensa que a través de *Europa Press* ou *EFE* distribúen polos medios en detrimento da visibilidade dos verdadeiros profesionais que arriscan a súa vida.

3) O incremento ano após ano **precariedade laboral no dispositivo**. Hai galegas e galegas que se xogan a vida, literalmente, por un salario que non chega aos 900€ brutos ao mes. En moitos concellos os peóns cobran 645€, en canto a policía autonómica só por garda 80 euros





# Concello de Chantada (Lugo)

Plaza de Galicia, nº 1- 27500 CHANTADA-Tel. 982 44 00 11-Fax. 982 46 21 02 - aytochantada@infonegocio.com

cando se limitan a desprazarse e preguntará SDCIF (que cobra 240 euros por mes en concepto de gardas).

4) **A nefasta decisión de municipalizar case a metade dos medios**, que aumenta a precariedade das e dos traballadores - que cobran moito menos que as brigadas da Xunta- e incrementa os riscos para a súa saúde e integridade ao careceren de equipos de protección e vehículos axeitados (non é o caso de Chantada que conta cun Defender en perfecto estado). Isto por non meternos coa "diversidade de criterios de selección" (por sermos elegantes), especialmente grave nos concellos do interior máis afectados polos incendios e que se limita a unha certificación da Xunta que si pide o título esixido e a titulación sen ningunha outra valoración.

5) **A inxección económica brutal en medios privados para a extinción de incendios**. En 1989, unha mudanza política, provocou un ano negro no tocante aos lumes. A solución da administración Fraga foi bombear diñeiro público para que ninguén incendio carecese de resposta centrando esforzos na extinción e non na prevención. O resultado foi alimentar desde 1989 a industria do lume e provocar que os incendios fosen a máis, ardendo desde entón máis dun terzo da superficie da Galiza autonómica. Por exemplo, no caso das avionetas en vez de seren públicas contrátanse a empresas privadas e chégase ao extremo de enviar como norma xeral os medios aéreos antes de que chegue o director de extinción e moitas veces obviando as ardes destes por mandato expreso de Santiago (alegando que a contratación é por horas e se deben moitas polo escaso número de incendios de 2014!!!).

Nestas condicións, Galiza fica máis unha vez á intemperie perante máis unha vaga de lumes, senda preciso subliñar que a política da Xunta, completamente intencionada, rexéndose polos criterios ultraliberais do *new public management* que tamén se aplican na sanidade e na educación. Tamén no Estado español o PP vén de sancionar, co apoio de UpyD e UPN, a nova *Lei de Montes*, coa que se deixa vía libre á Xunta para a recualificación do chan que ardeu, sen que teñan que pasar os 30 anos de prazo que marcaba a lei de 2003 (sempre en aras do interese xeral, como se non houberse antecedentes do que entenden algúns por "interese xeral" ...).

Ao tempo, e en consonancia co que está acontecendo en Galiza, a nova *Lei de Montes* quítalles competencias aos axentes forestais, hora de denunciar delitos ambientais, pasando a ser auxiliares dos carpos e forzas de seguridade do Estado. Un paso máis na militarización e no incremento do gasto militar encuberto, algo esencial en calquera estado que pase do *welfare state* ao *warfare state*, ou, por outras palabras, do estado social ao estado penal (*Lei Mordaza* mediante).

Chantada, coa contorna da Ribeira Sacra de importancia económica vital para o sector vitícola e turístico, e co Faro na Rede Natura é un municipio que debe extremar a protección do medio ambiente e a prevención de lumes, porque ninguén vai visitar terra queimada. Un paso nesa dirección e apostar pala prevención, a comezar pala erradicación de plantacións de especies pirófitas e invasoras e no mantemento de perímetros axeitados aos núcleos habitados, limpos de biomasa.

Lembramos que, **segundo a Lei 312007 de Prevención e Defensa contra Incendios Forestais, os concellos poden actuar nos casos de incumprimento de limpeza da biomasa vexetal nos perímetros de núcleos (artigos 21, 22 e 23 de dita lei).**



# Concello de Chantada (Lugo)

Plaza de Galicia, nº 1- 27500 CHANTADA-Tel. 982 44 00 11-Fax. 982 46 21 02 - aytochantada@infonegocio.com

No caso de Chantada mención aparte merece que levemos 17 anos esperando por un PXOM, ficando sen unha norma axeitada, o que require **revisar ou aprobar unha nova ordenanza que regule aspectos esenciais para a loita contra incendios e a ordenación do territorio.**

Aínda sendo responsabilidade da Xunta de Galiza loitar contra o abandono do medio rural e cambiar o modelo de loita contra o lume, como xa dixemos cunha planificación das tarefas de prevención en todo o territorio e cunha política forestal que entenda o monte como algo vivo que pode xestionarse e dar rendemento e non como un fornecedor de madeira barata e unha escusa para financiar empresas afíns (creando unha industria que vive de queimar o país mentres se recorta aos profesionais públicos medios e soldo); o Concello ten competencias que permiten mellorar a prevención dos lumes e é a nosa responsabilidade exercelas até esgotalas ao tempo que planificamos o futuro. Isto é gobernar.

Chantada perde poboación e o rural fica despoboado, agravándose a tendencia cada ano. A crise do rural pode supor que moitas persoas deixen de exercer actividades agrarias, coa conseguinte función social de limpeza e ordenación do territorio. Por todo isto temos que extremar as precaucións no tocante as especies que deixamos que se planten e enéal os núcleos de vivendas, entre outras medidas a adopar que, a seguir, propomos como **acordo plenario**:

**1.- Redactar unha ordenanza contra-incendios** ou revisar a normativa actual **que declare a Chantada zona de alto risco de incendios** e inclúa, entre outras, as seguintes cuestións:

a.- Estabelecer unha franxa ampla, ao redor das áreas habitadas, de 200 metros, que non se poderá repoboar con árbores de follas perenne (agás algunhas que non son pirófitas como o teixo) e chopos. Concretamente, as especies que indica a *Lei 312007, do 9 de abril, de prevención de incendios forestais de Caliza*, a saber: piñeiro do país (*Pinus Pinaster*), piñeiro bravo (*Pinus sylvestris*), piñeiro de Monterrei (*Pinus radiata*), piñeiro de Oregón (*Pseudotsuga menziesii*), mimosa (*Acacia dealbataminoma*), acacia negra (*Acacia melanoxylum*) e eucalipto (*Eucalyptus ssp.*).

b.- Fomentar que nas novas plantacións se empreguen preferentemente especies autóctonas (considerando a oliveira autóctona) establecendo unha taxa ou canon sobre especies foráneas que irá en escala crecente, segundo a súa potencial perigosidade (a escala require o asesoramento técnico de profesionais).

c.- Distancias mínimas que deben respectar as novas repoboacións forestais e as novas plantacións, tomando como base o disposto na *Lei 712012 de Montes de Galiza*.

a) Con parcelas forestais 2 metros

b) Con terreas situados en solo rústico de especial protección agropecuaria 10 metros

c) Con zonas dedicadas a labradío, cultivo, prados ou pastos non clasificados de especial protección agropecuaria

4 metros cando se empreguen as especies frondosas do anexo I da Lei 7/2012, e 10 metros no resto de especies



# Concello de Chantada (Lugo)

Plaza de Galicia, nº 1- 27500 CHANTADA-Tel. 982 44 00 11-Fax. 982 46 21 02 - aytochantada@infonegocio.com

d) Desde o límite do dominio público das vías (autoestradas, autovías, corredores, vías rápidas e estradas convencionais) ou do ferrocarril

10 metros para todas as especies, a partir do borde exterior das estradas

e) Con pistas forestais principais

2 metros cando se empreguen as especies frondosas do anexo I; no resto de especies, 4 metros en xeral, e 6 metros nos concellos declarados como zona de alto risco

f) Desde a proxección do condutor máis externo, considerando a súa desviación máxima producida polo vento segundo a normativa aplicábel a cada caso, da infraestrutura eléctrica

5 metros para todas as especies

g) Con canles fluviais de máis de 2 metros de largo

5 metros cando se empreguen as especies de frondosas do anexo I, e 15 metros no resto de especies, contados desde o dominio público. Non será aplicábel en actuacións de recuperación ambiental.

h) Con edificacións, vivendas illadas, urbanizacións, depósitos de lixo, parques e instalacións industriais situadas a menos de 400 metros do monte e fóra de solo urbano e de núcleo rural

30 metros cando se empreguen as especies de frondosas do anexo I, e 50 metros no resto de especies

i) Fontes e mananciais

l) Con cámpings, gasolineras e industrias ou instalacións preexistentes en que se desenvolvan actividades perigosas consonte o establecido na *Lei 111995, do 2 de xaneiro, de protección ambiental de Galiza*, ou na súa normativa de desenvolvemento

25 metros para especies de frondosas do anexo I, e 50 metros para o resto de especies.

d.- Até 150 metros da liña delimitadora dos núcleos urbanos, dos núcleos rurais e do solo urbanizábel delimitado non se poderán plantar especies foráneas e a 100 metros as do anexo I da *Lei 712012 de Montes de Caliza*.

e.- O disposto no apartado anterior, non se aplicará cando se trate de plantacións con árbores illadas con fins ornamentais ou árbores froiteiras.

f.- Declarar Chantada zona libre de eucaliptos, prohibindo expresamente a súa plantación en todo o termo municipal.

g.-En todo caso, poderán conservarse árbores de calquera especie en calquera clase de terreas, incluídos nas redes primarias e secundarias de xestión de biomasa, no caso de se trataren de árbores senlleiras, ou aquelas que cumpran funcións ornamentais ou se atopen illadas e non supoñan un risco para a propagación de incendios forestais



# Concello de Chantada (Lugo)

Plaza de Galicia, nº 1- 27500 CHANTADA-Tel. 982 44 00 11-Fax. 982 46 21 02 - aytochantada@infonegocio.com

2.- Recriminar á Xunta de Galiza a falta de medios aéreos na precampaña de lumes de 2015.

3.- Instar á Xunta de Galiza a dotarse dun servizo único, público e profesionalizado de prevención e extinción de incendios, que para alén de apagar os lumes realice a prevención nas zonas de alto risco e maior valor ecolóxico, contratado e xestionado directamente pola Xunta de Galiza, en condicións laborais dignas, rematando coa desigualdade salarial e a arbitrariedade na contratación de brigadas municipais.

4.- Actuación do Concello nos casos de incumprimento da xestión da biomasa forestal, cando menos en núcleos habitados e nos casos máis perigosos para o que, no tocante ao medio rural, debería contarse co parecer dos axentes forestais da zona establecendo unha canle comunicativa con eles para tal fin.

5.- Ser totalmente escrupulosos no cumprimento da normativa municipal sobre incendios coas plantacións existentes no Concello e facer cumprir as normas en todo o termo municipal.

6.- Instar á Xunta para habilitar lugares de toma de auga en caso de incendios habilitados para os vehículos contra-incendios, xa que non hai ningún tanque público, nin sequera existe un hidrante en todo o concello onde podan cargar as motobombas en caso de incendio a diferenza de Taboada e Carballedo.

7.- Esixir á Xunta de Galiza que modifique e racionalice os convenios das brigadas municipais, xa que teñen a obrigatoriedade de desbrozar 5 hectáreas de camiños forestais non mecanizábeis con independencia de horarios, condicións climatolóxicas e traballos de extinción, para o cobro da subvención ligada a tal contratación.

8.- Esixir á Deputación provincial e exercer nas estradas de titularidade municipal o disposto *Lei 3/2007 do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios [forestais de Galiza]* nos artigos 20 e 21 (Especialmente: a.- Ao longo da rede de autoestradas, autovías, corredores, vías rápidas e estradas convencionais, deberase xestionar a biomasa vexetal, de acordo cos criterios estipulados nesta lei, nos terreos incluídos na zona de dominio público. Ademais, nos ditas terreos non poderá haber árbores das especies sinaladas na disposición adicional terceira desta lei. [Entre 4 e 10 metros sería o ideal].- Artigo 21 modificado por disposición derradeira primeira. Dezasete da Lei 7/2012, do 28 de xuño: A regulación contemplada nas letras e), d), e) e f) do apartado 1 do artigo 21 e os criterios de xestión de biomasa serán aplicábeis ao longo da rede viaria, ferroviaria ou das liñas de transporte e distribución de enerxía eléctrica, concedéndose un prazo máximo dun ano desde a entrada en vigor da presente lei para a súa axeitada xestión, agás no que alcanza á retirada de especies sinaladas na disposición adicional terceira da presente lei, cuxo prazo máximo será de dous anos desde a entrada en vigor da presente lei) para reducir o perigo de accidentes (pola redución da follá) e que o lume poda cruzar as estradas.

9.- Elaborar un Plano Municipal de Emerxencias cos axentes dos diferentes sectores involucrados.

10.- Redactada a ordenanza, publicar folletos informativos e sensibilizar a poboación sobre os incendios e os seus impactos para a biosfera e a saúde pública."

Tralas intervencións regulamentarias, o Pleno, por catro votos a favor (Grupos Por Chantada-CUP e Socialista), sete votos en contra (Grupo de INTA) e dúas abstencións (Grupo do PP), adopta o seguinte

ACORDO



# Concello de Chantada (Lugo)

Plaza de Galicia, nº 1- 27500 CHANTADA-Tel. 982 44 00 11-Fax. 982 46 21 02 - aytochantada@infonegocio.com

Non aprobar a moción presentada polo Grupo Municipal Por Chantada-CUP para a adopción de medidas de prevención de lumes.

No debate deste asunto producíronse as seguintes intervencións:

De D.Antón Fente Parada, portavoz do Grupo Por Chantada-CUP, que lé resumidamente a exposición de motivos. Respecto ao punto 6 do acordo, comenta o dos tanques de auga falado na Comisión.

De D.Francisco Javier Rodríguez Medela, portavoz do Grupo do PP, que di que se absterán igual que na Comisión. Moitas peticións son competencias doutras Administracións.

De Dna. Raquel López Rodríguez, portavoz do Grupo Socialista, que pide aclaración sobre o dos puntos de auga que se falo una Comisión.

De D.Manuel Lorenzo Varela Rodríguez, Alcalde e portavoz do Grupo de INTA, que di saber que cando os bombeiros se estableceron en Chantada, había cinco puntos de carga de auga. Polo mesmo Grupo de INTA, di D. José Castor Novoa Fernández que é máis interesante un camión grande que abasteza ás pequenas carrocetas que os puntos de auga, polo que ten visto persoalmente.

De Dna. Raquel López Rodríguez, que di que iamos preguntar en rogos e preguntas, pero vale aquí: queríamos saber como está o tema da limpeza de soares.

De D. José Castor Novoa Fernández, que di que hai algúns notificados. Outros estanse investigando, con parte limpada polo Concello.

Do Sr.Alcalde, que di que se o Concello limpa o soar do Capitol, da SAREB, sería un acredor máis da SAREB. Vemos tan ampla a moción, que habería que ver o caso do Concello. A selección do persoal faina TRAGSA, ben ou mal pagados, non sei, cobran segundo a categoría do obreiro. Pola Xunta xa pasaron gobernos e partidos, e como no do leite, non se lle dá posto a guinda. Non apoiamos a moción, aínda que hai puntos que tomaremos en consideración.

## **12. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POR CHANTADA-CUP PARA O RESCATE DA CONCESIÓN DA AUGA E DACIÓN DE CONTAS DO ALCALDE MANUEL LORENZO VARELA SOBRE A CONCESIÓN POR 30 ANOS DA AUGA A AQUAGEST.**

Esta moción foi ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Economía e Facenda e Comisión Especial de Contas. A moción di o seguinte:

“A xuíza Pilar de Lara é a instrutora desde Lugo do caso Pokemon sobre corrupción política e subornos. A maior trama de corrupción investigada na Galiza en toda a historia. Recentemente, vendo que as pesquisas afectaban a múltiples concellos elevou a causa aos xulgados centrais da Audiencia Nacional, o antigo Tribunal da Orde Pública do franquismo.

Entre os concellos investigados está Chantada. Concretamente, o que se investiga dentro dunha xigantesca trama de corrupción é a concesión feita en 2007 por 30 anos a



# Concello de Chantada (Lugo)

Plaza de Galicia, nº 1- 27500 CHANTADA-Tel. 982 44 00 11-Fax. 982 46 21 02 - aytochantada@infonegocio.com

*Aquagest* (hoxe *Viaqua*) polo PP con Manuel Lorenzo Varela á cabeza, para máis INRI en período electoral e que supuxo o estrago da rúa Xoán XIII e a suba no recibo da auga para os veciños e as veciñas, para alén dunha perda de recursos nas arcas municipais.

Concretamente, o actual alcalde de Chantada por entón renovou a privatización da auga a favor de *Aquagest*, privatización que data do 17 de agosto de 1993. En 2003 renovouse por acordo plenario a concesión por dez anos máis inserindo novas condicións contractuais (23/12/2003). Pois, ben antes de rematar eses 10 anos de prórroga o concello decidiu facer unha concesión por 30 anos no pleno do día 4 de setembro de 2006, que se traduciu en obras en plena campaña electoral.

A empresa pagou entón non o denominado «canon concesional», que lonxe de gastarse en estruturas hidráulicas (como unha traída de augas para a vila onde chegase polo seu propio peso co conseguinte aforro) empregouse en cemento na rúa Xoán XXIII, cadrar as cantas do concello e, en teoría, mellorar os sumidoiros da rúa Xoán XXIII para evitar vertidos ao río Asma o que era abriga da empresa como concesionaria (venciendo a maior parte da inversión como un "favor" cando era unha abriga para non retirarlle a concesión manter e mesmo mellorar as instalacións).

Está claro que a concesión a 30 anos permite que ese diñeiro se pague na tarifa por parte da cidadanía e con creces. A única razón, pois, para privatizar era financiar os concellos porque nunca se falou de indicadores de xestión e aí encaixa un alcalde ao que non lle saían as cantas electorais (nin as do concello) e decidiu en plena campaña xogar a baza duns "ingresos extra". En menos de dez anos a cidadanía de moitos concellos deuse de canta da estafa e, xunto aos casos de corrupción, puxeron fin a este modelo concesional.

Segundo o auto, De Lara afirma que podería «considerarse a *Aquagest* como unha verdadeira asociación ilícita» cunha «grave repercusión na economía» do Estado español. No caso chantadino, a empresa recibiu en troques unha suba das taxas, cobrar 3.000 euros cada ano pola limpeza da rede de pluviais, o 3'5% da recadación do lixo, etc. Dificilmente se pode valorar positivamente semellante despropósito.

Para termos unha idea da profundidade e gravidade da trama mafiosa (e correlativamente da dilatación no tempo do proceso) na Galiza investiganse os seguintes concellos: na provincia da Cruña Arzúa, Oroso, Ortigueira, Santiago de Compostela, Valdoviño, Cedeira, Bergondo, Padrón e Betanzos; na provincia de Pontevedra, Ponte Caldelas e Pontevedra; na provincia de Ourense, Punxín, Barbadás e Ourense; e, por último, na provincia de Lugo, Ribadeo e o noso concello, Chantada.

Noutros concellos concesións da auga menos lesivas para o ben común, mais semellantes na súa natureza foron revocadas por exercerse ilegalmente, en fraude de lei, por exemplo en Teo. O común denominador de todos estes casos é que ou ben se cometeu unha ilegalidade (ou varias, algunhas penadas até coa cárcere) ou ben os representantes públicos que subscribiron tales operacións eran uns completos incompetentes. Non sei que será peor.

En Teo, o Consello Consultivo e a Deputación da Cruña, avalaron o fin do contrato con *Aquagest*, que se colectivizou en marzo deste ano. Dito contrato fora prorrogado en campaña electoral polo rexedor do PP Armando Blanco, circunstancia que por si soa se